

ACORDO do 10 de novembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Vilacova, no concello de Lousame (A Coruña) (expediente IN408A 2020/30). DOG Núm. 223, 19 de novembro de 2021. Prazo para remitir alegacións: 07/01/2022

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/vilacoba>

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211119/AnuncioG0596-101121-0009_gl.html

| NOME DO PROXECTO | PROMOTORA | MUNICIPIOS AFECTADOS | CARACTERÍSTICAS |
|--|----------------------------|----------------------|--|
| parque eólico Vilacova (nº de expediente IN408A 2020/30) | Villar Mir Energía, S.L.U. | Lousame (A Coruña) | <ul style="list-style-type: none"> – Cinco (5) aeroxeradores tripá, de 4.600 kW de potencia nominal unitaria, con velocidade variable e paso variable, altura ata o buxeiro de 84 m e un diámetro do rotor de 132 m. – Cinco (5) centros de transformación trifásicos montados no interior das góndolas dos aeroxeradores, de potencia aparente unitaria 5.000 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, coas súas correspondentes celas de seccionamento, manobra e protección. – Unha (1) torre meteorolóxica de 84 m de altura. – Un (1) centro de seccionamento de 30 kV composto polos seguintes elementos: <ul style="list-style-type: none"> • Unha cela de liña de evacuación de 30 kV. • Dúas celas de liña de 30 kV para a conexión dos aeroxeradores. • Unha cela de transformador de servizos auxiliares (SS.AA.) e medida de tensión de barras de 30 kV. • Unha cela de batería de condensadores. • Un transformador de SS.AA. 30/0,4-0,23 kV de 100 kVA. • Unha batería de condensadores de 4,5 MVAR. • Disporá dun edificio de control onde se situarán a sala de control, o local para o grupo electrógeno, a sala de cabinas de media tensión, as baterías de condensadores, o transformador de SS.AA. e os servizos comúns. |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | | | <p>– Un sistema colector de media tensión (MT) formado por dous circuítos de 30 kV en instalación subterránea, que ten como obxecto a canalización da enerxía xerada polas aeroturbinas ata o centro de seccionamento. O tipo de cable utilizado para esta rede será HEPRZ1 18/30 kV Al + H16/25, de diferentes seccións (95, 240 y 400 mm²).</p> <p>– A posta a terra da rede de MT está constituída por un cable de cobre espido, de sección 50 mm², tendido ao longo da canalización de MT, no fondo dela. A rede de terras xeral do parque eólico (PE) forma un conxunto equipotencial.</p> <p>– Pola mesma gabia que as liñas de MT, instalarase unha rede de comunicacións que utilizará como soporte un cable de fibra óptica e que se empregará para a monitorización e control do PE.</p> <p>– As infraestructuras de evacuación do PE Vilacova non forman parte do presente proxecto e divídense en dous expedientes independentes:</p> <ul style="list-style-type: none">• LAT 30 kV para evacuación do PE Vilacova, con número de expediente IN408A 2020/142, actualmente en tramitación e do mesmo promotor (Villar Mir Energía), describe a liña de evacuación do parque, que será soterrada en toda a súa lonxitude, desde o PE Vilacova ata a subestación colectora Lousame.• Solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Maragouto e Banzas, con número de expediente IN408A 2020/144, actualmente en tramitación e promovido por Green Capital Power, S.L., no cal, entre outras instalacións, se proxecta a subestación colectora Lousame (á cal chegará a enerxía xerada por diferentes parques eólicos de distintos promotores, entre eles o presente PE Vilacova) e a súa liña de evacuación ata a subestación Lousame 220 kV de REE. |
|--|--|--|--|